



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Real Decreto-Lei de 16 de Decembro de 1929 (Presidencia do Consello) é a normativa que se ven aplicando á concesión de anticipos solicitados polos Funcionarios e Persoal Laboral desta Universidade, na que se regula o anticipo sobre haberes líquidos dunha ou dúas mensualidades.

Dado as notables diferencias entre o antigo sistema retributivo e o vixente hoxe en día, por este Rectorado procédese adecualar a norma as necesidades e sistema retributivo actual, polo que, dacordo cas facultades que me confire o artigo 65 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 253/1992 de 10 de Setembro, resolvo:

1. Tódolos Funcionarios e Persoal Laboral desta Universidade terán dereito a percibir como anticipo o importe dunha ou dúas mensualidades do total das súas retribucións, menos o IRPF correspondente, para atender necesidades urxentes.

2. Para disfrutar do anticipo o traballador asinará o compromiso no que se obrigará a reintegralo en doce meses, cando se trate de unha mensualidade, ou en dezoito se é de dúas, someténdose por iso, o desconto correspondente, que realizará o negociado de nóminas ó tempo de liquidarlle os seus haberes mensuais.

3. O Persoal PAS Laboral eventual e o Docente contratado no poderán superar na devolución do anticipo, o tempo de vixencia do seu contrato.

4. Os anticipos concedidos, non devengarán interese algún, e serán reintegrados nas mensualidades ás que se refiren os apartados 2 e 3, e por cantidades iguais. Os traballadores poderán reintegrar en menos tempo o anticipo recibido, e liquidalo na súa totalidade cando o estimen conveniente, dentro do prazo establecido. Non se poderá solicitar un anticipo cando se teña outro pendente de devolución.

A Coruña, 8 de Xaneiro 1996

O RECTOR

Asdo.: José Luis Meilán Gil.